

Todos os alumnos candidatos a participar nas mobilidades Erasmus deberán cumprir os seguintes

requisitos:

1. Ausencia de partes graves ou moi graves no curso anterior ou actual.
2. Non ter máis de dúas materias pendentes na 1ª avaliación do curso actual.
3. Non ter máis de dúas materias pendentes de cursos anteriores.
4. Compromiso por parte da familia para aloxar a alumnos estranxeiros e ofrecer unhas boas condicións socio-familiares.
5. Entrega da solicitude en prazo.
6. Ter permiso para saír en imaxes ou vídeos que se realicen ao longo do proxecto e que se publicarán na web do centro, no blog do proxecto e na páxina de Etwinning.
7. Nivel de inglés cuns coñecementos mínimos para desenvolverse (nota mínima no curso anterior de 5 ou superior a 5). En caso de ir a outros países terase en conta o coñecemento doutros idiomas (francés, alemán e/o portugués).
8. En caso de ter necesidades médicas que supoñan un esforzo sobreañadido ou inasumible por parte da familia de acollida, un familiar do alumno deberá acompañalo á viaxe e sufragar os gastos de estancia. Con todo, estes gastos poderían ser cubertos se se presenta unha solicitude ante o SEPIE e é aprobada.
9. En caso de haber máis peticións que prazas, terán preferencia aqueles alumnos que non viaxasen anteriormente no marco dun Proxecto Erasmus.

BAREMO	Puntos
A. Recomendación da xunta de profesores segundo: <ol style="list-style-type: none"> a. Comportamento, esforzo, traballo, interese, e motivación do alumno nas materias de maneira global, b. Hábitos de vida saudables, c. Asistencia regular ás clases, d. Comportamento nas actividades complementarias e saídas extraescolares. 	Ata 4 puntos
B. Participación, interese e motivación nas actividades previas á mobilidade encadradas dentro do proxecto Erasmus.	Ata 1 punto
C. Non ter materias pendentes de cursos anteriores.	1 punto
D. Participación do alumnado en actividades e proxectos do centro.	Ata 0,5 puntos
E. Antigüidade no centro (0,25 puntos por cada ano matriculado no centro).	Ata 1 punto
F. Entrevista persoal.	Ata 1 punto
G. Carta de motivación.	Ata 0,5 puntos
H. Circunstancias familiares excepcionais.	Ata 1 puntos
TOTAL PUNTOS	10 puntos